

Proceso selectivo, convocado por acordo do Comité Executivo da Fundación USC, M.P., do 9 de febreiro de 2024 (publicado por resolución da Xerencia da Fundación, do 12 de febreiro de 2024) para a contratación laboral dun coordinador/a do servizo de limpeza pola Fundación USC, M.P.

RESOLUCIÓN DO 15 DE MAIO DE 2024 DO PRESIDENTE DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ACORDO DO COMITÉ EXECUTIVO DA FUNDACIÓN USC, M.P., DO 12 DE FEBREIRO DE 2024, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN COORDINADOR/A DO SERVIZO DE LIMPEZA.

Reunida nos días 3 e 15 de maio de 2024 a comisión do proceso selectivo *ut supra*,
ACORDOU:

Primeiro.- **CONVOCAR** ás persoas aspirantes admitidas para a realización da «Fase 2. Entrevista» (base 9 da convocatoria), que terá lugar o **martes 28 de maio de 2024**, ás **12:00 horas**, na **Aula de Formación nº 3 da Biblioteca Concepción Arenal** (Campus Sur), Rúa dos Feáns, s/n, 15782 Santiago de Compostela.

Segundo.- **PUBLICAR** os **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** da «Fase 2. Entrevista» e as puntuacións para a súa cualificación (máximo 30 puntos):

1. O coñecemento do sector da limpeza de edificios e locais, dos edificios que compoñen os campus universitarios e os diferentes tipos de limpeza a aplicar (ata un máximo de 10 puntos).
2. A resolución de problemas e conflitos na xestión de persoal, dirección de equipos, habilidades comunicativas e planificación do persoal (ata un máximo de 10 puntos).
3. Os coñecementos na xestión de prevención de riscos laborais, coordinación de actividades empresariais e negociación colectiva (ata un máximo de 10 puntos).

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Óscar Hermida Otero
Xerente da Fundación USC